

Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos

Xoán e María volveron quedar para estudar a unidade de semántica. Esta vez é Xoán quen decide centrar o proceso de estudo propoñéndolle as preguntas a María.

1. Para empezar, Xoán pregunta qué estuda a semántica e desde que ámbitos de estudo o realiza. Que cres que debe contestar María?
2. Como en todos os ámbitos de estudo, existen unhas unidades mínimas de análise. Na semántica, cales son estas unidades? María debe sinalar a mínima unidade de significado e a mínima unidade dotada de significado e de significante. Como a axudas?
3. Xoán sorpréndese das respostas atinadas de María, así que decide fiar máis fino preguntando o seguinte: como se denomina o conxunto de palabras que comparten un mesmo lexema? Pon exemplos.
4. Para tratar de despistar a María, pregúntalle agora: como se denomina o conxunto de palabras que comparten trazos semánticos ou semas? Pon exemplos.
5. Pode unha familia léxica constituír un campo semántico? Por que? Pode darse o caso contrario?
6. Xoán propuxo un tema de discusión con María. Terían que pensar nunha palabra, e propoñer o significado denotativo, o connotativo e se existen mesmo estereotipos asociados a ela. Repara, por exemplo, na palabra *chuvia*. Ofrece o seu significado denotativo, connotativo e ofrece un estereotipo da mesma.
7. María pregúntalle a Xoán por que se di que a antonimia e a paronimia son relacións semánticas que se producen entre significados, mentres que a sinonimia, a polisemia e a homonimia entre significantes e significados. Como lle responderías? Pon exemplos.
8. Que tipo de relación é a que establecen os lexemas que conectan a través dunha relación de proximidade do tipo parte / todo, continente / contido, substancia / obxecto, causa / efecto, etc.? Pon tres exemplos distintos.

9. María confunde os conceptos de *polisemia* e *homonimia* porque lle parecen o mesmo. Como lle axudaría a distinguir os conceptos? Pon exemplos.

10. Finalmente, Xoán e María debateron sobre a utilidade real dos eufemismos. De que cres que falaren entón? Que outros termos utilizarían?



Solución:

1:

A semántica é a parte da gramática que se encarga do estudo xeral do significado, e da relación que o significado mantén co significante. Este labor realízase desde a semántica lexical (lexicoloxía) e desde a semántica gramatical (que garda moita relación coa morfoloxía).

2:

As unidades de estudo son o sema, o semema e o lexema. A mínima unidade de significado é o sema; a mínima unidade dotada de significado e de significante é o lexema.

3:

Familia léxica. Exemplos: pan, panadeiro, panadería, empanada, empanar, etc.

4:

Campo semántico. Exemplos: barco, tren, cabalo, automóbil, avión (medios de transporte)

5:

Si. Un campo semántico está constituído por palabras que posúan unidades significativas mínimas comúns, independentemente de que estas estean ou non formadas polos mesmos morfemas léxicos.

O caso contrario pode non darse. É dicir, un campo semántico case sempre está constituído por palabras que non comparten lexemas e, polo tanto, non constitúen familias léxicas.

6:

Denotativo: precipitación en forma de pingas de auga procedente das nubes.

Connotativo: asóciase coa tristura, a amargura, a melancolía.

Estereotipo: é moi frecuente admitir a chuvia como un dos estereotipo asociados a Galicia.

7:

Porque a paronimia e a antonimia ofrecen, neste caso, un contraste ou oposición unicamente a nivel semántico, sen terse en conta os significantes, por exemplo, frío / quente.

En cambio, a sinonimia, a homonimia e a polisemia manteñen unha asociación entre un mesmo significado e varios significantes, sexan estes ou non da mesma categoría lexical. Por exemplo: dicimos que dúas palabras son sinónimas non porque unicamente teñan o mesmo significado, senón porque, sendo distintas formalmente,

teñen o mesmo significado (é dicir, estamos contrastando a forma –o significante- co significado). Labio – beizo

8:

Meronomía. Copa (viño), madeira (mesa), dedo (man)

9:

A efectos prácticos, pode parecer o mesmo en tanto que os dous conceptos aluden a palabras que, a partir dun mesmo significante, hoxe teñen a capacidade de designar varios significados. É o caso de *chave* (das fechaduras, da luz, ferramenta, etc.), gato (felino, peixe, ferramenta, etc.), queixo (parte da cara, produto lácteo, etc.).

A diferenza atópase na orixe das palabras. No caso da polisemia, un significante foi adquirindo co paso do tempo novos significados aínda que, dalgún xeito, relacionados (ollo da cara, ollo das pontes, ollo da agulla); en cambio, a homonimia representa o caso de palabras distintas formal e semanticamente en orixe que, co paso do tempo, foron evolucionando e coincidindo en significantes idénticos (homógrafos) ou similares (homófonos): queixo, pena, valor / balor, etc.

10:

Falaron das palabras que atenúan ou encobren as expresións consideradas tabú (consideradas estas vulgares). Polo tanto, outros termos que utilizarían na súa discusión sería tabú e disfemismo.